



## **NORMATIVA DE USO DO CREA LAB**

### **I. Acceso**

I.1. Calquera persoa que acceda ao taller estará obrigada a cumprir esta normativa.

I.2. O uso do Crea Lab estará dispoñible para a comunidade universitaria do campus de Pontevedra.

I.3. O acceso estará suxeito á autorización da Secretaría Técnica do Campus Crea. Requírese a aceptación destas normas. O regulamento estará dispoñible na web do Campus Crea e no propio espazo.

I.4. Para acceder ao Crea Lab deberase cubrir o formulario de contacto. O persoal técnico do Crea Lab responderá confirmando a dispoñibilidade do espazo nas datas solicitadas.

### **II. Instalacións**

II.1. Deberase traballar en todo momento baixo a supervisión do persoal técnico do Crea Lab e seguir as súas instrucións.

II.2. Observarase e respectarase a sinalización de seguridade, as instrucións de funcionamento e mantemento das máquinas. Estes informan sobre a existencia dos riscos, obrigas, prohibicións e emerxencias propios de cada máquina ou traballo.

II.3. Manterase o lugar de traballo limpo e libre de obxectos. Non se deixarán pertenzas persoais nas superficies de traballo.

II.4. Cando se finalicen as tarefas en calquera das zonas de traballo, deberanse limpar correctamente, depositando o lixo e os residuos no lugar correspondente.

II.5. O uso de resinas ou de adhesivos deberase facer cubrindo perfectamente a mesa na que se estivese a traballar con cartolina ou papel de xornal.

II.6. Quedará prohibido calquera proceso de aplicación de pinturas e vernices que produza vapores ou dexenere o ambiente transpirable dentro do Crea Lab, agás autorización exclusiva do persoal técnico do Crea Lab.

II.7. Quedaralle terminantemente prohibido o acceso aos cacifos de almacenamento de material a calquera persoa que non sexa o persoal técnico do Crea Lab.



II.8. Deberase evitar que os obxectos ou os materiais obstrúan algunha das portas, zonas de circulación, extintores ou zonas de traballo do espazo.

II.9. Cada persoa usuaria será responsable do seu material, obxectos persoais e ferramentas solicitadas. No caso de perda ou roubo, o Crea Lab non será responsable.

### **III. Maquinaria e equipamentos**

III.1. O Crea Lab está equipado cun ordenador Intel i.7 32 GB RAM e 2 DD de 1,8 Tb, dúas impresoras 3D Printer Tumaker BigFoot 500 e un scanner EinsScan Pro 2X/2X Plus. Ademais, conta con 21 postos de informática equipados con ordenadores MAC.

III.2. Para utilizar as máquinas de fabricación dixital será imprescindible ter recibido formación sobre o seu uso e seguir as instrucións do persoal técnico do Crea Lab.

III.3. A persoa usuaria será responsable da maquinaria ou do equipamento que utilice. Se detectase algunha avaría, será a súa obriga comunicarlle inmediatamente ao persoal técnico do Crea Lab.

III.4. Prohíbese mover máquinas, equipos ou inutilizar mesas e zonas de traballo con calquera tipo de obxectos.

### **IV. Ferramentas**

IV.1. As ferramentas estarán dispoñibles para o seu uso. Será a súa obriga comprobar que a ferramenta estea en bo estado, completa e funcionando correctamente. Se a utiliza cando está rota ou en mal estado e non lle comunica o incidente ao persoal técnico do Crea Lab, este entenderá que é o responsable do seu mal estado.

IV.2. Cada persoa usuaria será responsable de toda a ferramenta que utilice. Se se rompe ou se perde, debe substituíla canto antes.

IV.3. Ao finalizar o traballo, deberanse limpar todas as ferramentas utilizadas e comprobar que están en bo estado.

IV.4. A ferramenta deberá almacenarse no mesmo lugar onde se utilizou.

IV.5. No caso de que unha persoa usuaria informe ou entregue unha ferramenta avariada, o xestor ou xestora do laboratorio realizará unha avaliación e determinará se a causa da avaría foi un mal manexo da ferramenta. De ser así, será responsabilidade da persoa usuaria aboar o custo da reparación.

IV.6. A ferramenta que se substitúa por extravío deberá ser nova, da mesma marca, modelo, tamaño e especificación ca a solicitada orixinalmente.

IV.7. Non se sacarán nin utilizarán ferramentas fóra do taller. Non haberá préstamos persoais.



## **V. Material**

V.1. O Crea Lab non proporcionará ningún material. Será responsabilidade da persoa usuaria levar os seus propios materiais e consumibles.

Non obstante, para garantir o correcto funcionamento e prolongar a vida útil das impresoras 3D Printer Tumaker BigFoot 500, o filamento deberá contar coa aprobación do persoal técnico do Crea Lab.

V.2. O Crea Lab disporá dun andel para que os proxectos en curso se poidan gardar durante un breve período de tempo, sempre que os devanditos proxectos se traballen durante varios días. Se unha obra supera o tempo de almacenamento razoable, o persoal técnico do Crea Lab avisará o seu propietario ou propietaria para que a retire e, se non se recibe resposta, o proxecto será descartado.

V.3. Ao final do período académico (finais de xuño) descartaranse todos os materiais ou traballos que non pertencen ao Crea Lab.

## **VI. Manipulación e eliminación de materiais**

VI.1. Considéranse materiais perigosos todos os produtos químicos ou as súas solucións que teñan algunha das seguintes características:

- Punto de inflamación inferior a 94 graos centígrados, ou os etiquetados como inflamables ou combustibles, debido á súa facilidade de ignición.
- pH inferior a 5,5 ou superior a 9,5 (corrosivo).
- Os etiquetados como corrosivos, cáusticos ou alcalinos.
- Capacidade de reaccionar a temperatura ambiente, clasificados como explosivos, oxidantes, redutores, reaccionando coa auga e os que producen vapores ou gases tóxicos.
- Disolventes de pintura, trementina, pinturas líquidas e en aerosol, petróleo, gasolina ou resinas plásticas.

VI.2. Non estará permitido o uso de substancias tóxicas no espazo do Crea Lab.

VI.3. Non se almacenarán substancias tóxicas no espazo do Crea Lab.

VI.4. Os materiais de refugallo deberán depositarse nos contedores correspondentes.

## **VII. Sobre a natureza dos obxectos impresos**

VII.1. Será responsabilidade da persoa usuaria non realizar a impresión de obxectos suxeitos a dereitos de autoría de terceiros/as.



VII.2. Se o persoal técnico do Crea Lab ten sospeitas razoables de que unha persoa usuaria vai imprimir deseños con dereitos de autoría, pode denegar o uso do equipamento. Se se confirma, a persoa infratora non poderá volver utilizar as instalacións do Fat-Lab Crea.

VII.3. Dada a finalidade académica e científica do Crea Lab, non estará permitida a impresión de obxectos con fins comerciais, profesionais ou lucrativos.

VII.4. Se o persoal técnico do Crea Lab considerase un deseño como ofensivo, discriminatorio, perigoso ou de mal gusto, poderá non autorizar a impresión dese material.

VII.5. Nos casos en que o persoal técnico do Crea Lab tivese sospeitas razoables de que pode comprometer a integridade das impresoras ou se a impresión non fose viable, non se permitirá a impresión.

### **VIII. Disposición xeral**

VIII.1. Quedará terminantemente prohibido levar e comer alimentos e bebidas dentro do taller.

VIII.2. Non estará permitido o uso de dispositivos de audio (incluídos os de uso persoal, como teléfonos móbiles ou outros dispositivos) nas instalacións do Crea Lab.